



Centro de Innovación Tecnológica
en Edificación e Enxeñería Civil

NORMATIVA INTERNA DE ADSCRICIÓN



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Índice

1. Introducción	4
2. Tipos de membros do CITEEC	5
2.1. Persoal investigador	5
2.1.1. Persoal investigador propio	5
2.1.2. Persoal investigador colaborador	5
2.1.3. Persoal investigador en formación	6
2.2. Persoal de apoio	6
2.2.1. Persoal de apoio propio do centro	6
2.2.2. Outro persoal técnico de xestión, de laboratorio e informático	6
3. Condicións xerais de adscrición e desadscrición	6
3.1. Tipo de adscrición	6
3.2. Procedementos de adscrición segundo tipo de membros	7
3.2.1. Persoal investigador propio:	7
3.2.2. Persoal investigador en formación e outro persoal técnico de xestión, de laboratorio e informático	7
3.2.3. Persoal de apoio propio do centro	8
3.3. Duración mínima da adscrición	8
3.4. Desadscrición	8
3.5. Listaxe de membros	9
4. Solicitude de adscrición	9
5. Requisitos de adscrición do persoal investigador solicitante	9
5.1. Requisitos xerais	9
5.2. Situacións excepcionais e de conciliación familiar e persoal	10
6. Avaliación do persoal investigador adscrito	11
7. Beneficios dos membros do CITEEC	12
7.1. Participación nas accións do centro	12
7.2. Participación dos fondos estruturais do centro	12
7.3. Uso das instalacións	13
7.4. Apoio do persoal de xestión e de laboratorio do centro	13
8. Obrigas dos membros do CITEEC	13
8.1. Filiación de publicacións	13

8.2.	Catálogo de Investigación da UDC e outros perfís científicos	14
8.3.	Proxectos e contratos de I+D+i	14
8.4.	Documentación do persoal investigador e/ou dos grupos aos que pertencen 14	
8.5.	Publicidade.....	14
8.6.	Outras normas	15
9.	Disposición transitoria	15
10.	Disposicións derradeiras	15

1. Introducción

O Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) da Universidade da Coruña comezou a súa andaina no ano 2000, co obxectivo de favorecer e potenciar a investigación, o desenvolvemento e a innovación nas áreas relacionadas coa enxeñaría civil e a edificación.

Froito da súa dilatada traxectoria ao longo destes anos, o CITEEC conta actualmente cun extenso e crecente conxunto de instalacións, laboratorios e equipamentos que permiten abordar de forma satisfactoria unha ampla variedade de traballos, incluso de gran magnitude e de moi alto grao de especialización, en practicamente todos os ámbitos de investigación relacionados coa enxeñaría civil e a edificación. Ao mesmo tempo, no CITEEC e na súa contorna académica desenvolve a súa actividade investigadora un amplo e diverso conxunto de persoal investigador capaz de aportar un avanzado nivel de coñecemento nas súas respectivas materias, unha acreditada experiencia investigadora, unha salientable obtención de resultados de investigación, e unha intensa captación de recursos para o desenvolvemento da mesma. O uso das instalacións e equipamentos dispoñibles no CITEEC constitúe un factor clave e absolutamente imprescindible para que moitos destes investigadores e investigadoras poidan acadar resultados de excelencia nos seus respectivos campos de investigación, dotando así de sentido ao amplo conxunto de instalacións e equipamentos cos que conta o centro. A potencial integración de todo este persoal investigador –sexan habituais usuarios directos das instalacións ou non– en estruturas supragrupais compostas por unha masa crítica adecuada de persoas, de recursos e de medios instrumentais supón unha oportunidade para acceder a uns niveis de investigación que cada vez precisan de equipos máis amplos, transdisciplinares e capacitados para competir e traballar en contextos internacionalizados.

Para formalizar e facer efectiva esta integración, o CITEEC é un centro de investigación da Universidade da Coruña. Os centros de investigación defínense como unidades de investigación que, creadas ao amparo do disposto na *Normativa de Creación de Centros de Investigación da Universidade da Coruña*, desenvolven actividades de investigación e transferencia en torno a un ámbito científico común, cun proxecto estratéxico ben definido, e cunha orientación tanto á xeración de coñecemento de excelencia como á súa transferencia á sociedade.

Por unha parte, este proceso de constitución como centro de investigación da UDC supón, botando a vista atrás, a evolución lóxica dunha etapa anterior que culminou coa Agrupación Estratéxica CITEEC (A-CITEEC), desenvolvida entre os anos 2018 e 2020, e que deu soporte a un total de 9 grupos de investigación da UDC cuxa actividade se relaciona coa enxeñaría civil e a edificación. Por outra banda, e mirando agora cara ao futuro, a constitución como centro de investigación da UDC representa un paso intermedio nas aspiracións do CITEEC cara ao seu recoñecemento como centro de investigación do Sistema Universitario de Galicia, de acordo co establecido na *Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia* e segundo o previsto na *Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do 26 de marzo de 2021 pola que*

se regula o procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación do Sistema universitario de Galicia.

Así pois, como parte deste proceso é preciso dar cumprimento, segundo o itinerario establecido, ao Artigo 9 da *Normativa de Creación de Centros de Investigación da Universidade da Coruña* (aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 26/11/2020, e modificada en Consello de Goberno na sesión do 25/03/2021), referido á composición do persoal dos centros. Nese artigo indícase, entre outros puntos, que “*a adscripción a un centro realizarase de maneira individual, exclusivamente para efectos da actividade de investigación, desenvolvemento e innovación, e sen perda da adscripción ao departamento/facultade/escola e grupo de investigación a que pertenza nin menoscabo das súas obrigas*”.

Ao obxecto de desenvolver o citado artigo e adaptalo ao caso específico do CITEEC, así como para regulamentar a composición do centro, redáctase e publícase a presente Normativa interna de adscripción ao CITEEC.

2. Tipos de membros do CITEEC

En adaptación do Artigo 9 da *Normativa de Creación de Centros de Investigación da Universidade da Coruña*, no CITEEC distínguense, segundo a súa categoría, función ou situación profesional, os seguintes colectivos:

2.1. Persoal investigador

2.1.1. Persoal investigador propio

Formado por o persoal docente e investigador (PDI) funcionario ou con relación contractual coa UDC (catedrático/a de universidade ou escola universitaria, titular de universidade ou escola universitaria, profesor/a contratado/a doutor/a ou figuras equivalentes que substitúan a esta, profesor/a axudante doutor/a, contratado/a interino/a de substitución, profesor/a asociado/a), xunto con doutores/as contratados/as con cargo a programas competitivos de captación de talento (por exemplo Ramón y Cajal, Juan de la Cierva Beatriz Galindo, InTalent, axudas á etapa posdoutoral da Xunta de Galicia, Marie Skłodowska-Curie Actions, etc.), e doutores/as contratados/as con cargo a proxectos ou contratos/convenios de investigación.

2.1.2. Persoal investigador colaborador

Formado persoal investigador doutras entidades que conte cunha probada traxectoria profesional de excelencia. Poderán ser propostos por un investigador/a do centro ou por un membro da Comisión Asesora Externa (Scientific and Innovation Advisory Board), e deberán contar coa aprobación expresa do Comité Interno de Dirección. Esta figura terá un carácter excepcional, e o seu número non poderá superar o 20 % do total de membros.

2.1.3. Persoal investigador en formación

Formado por investigadores/as matriculados nalgún programa de doutoramento da Universidade da Coruña que contén coa dirección ou codirección de, polo menos, un investigador/a propio/a do CITEEC.

2.2. Persoal de apoio

2.2.1. Persoal de apoio propio do centro

Formado polo persoal funcionario ou laboral de administración e servizos que desempeñe as súas funcións no CITEEC, tanto se se trata de persoal con tarefas de administración e xestión, como de persoal técnico de apoio ás labores propias da investigación (persoal técnico de laboratorio, de equipos informáticos e electrónicos, de sistemas mecánicos, etc.). Tamén forma parte deste colectivo o persoal de xestión do centro contratado con cargo a programas e proxectos estruturais do CITEEC (tales como Axudas de Centro de Investigación do SUG, convenios coa Xunta de Galicia, etc.).

2.2.2. Outro persoal técnico de xestión, de laboratorio e informático

Formado por persoal contratado con cargo a programas, proxectos e contratos/convenios de investigación baixo a dirección de persoal investigador propio do CITEEC para desempeñar tarefas de apoio técnico á investigación ou de xestión da mesma.

3. Condicións xerais de adscripción e desadscripción.

3.1. Tipo de adscripción

A adscripción do persoal investigador ao CITEEC realizarase de maneira individual, exclusivamente a efectos da súa actividade de investigación, desenvolvemento e innovación, e sen perda da adscripción ao departamento, escola ou facultade nin ao grupo de investigación ao que pertenza, nin menoscabo das súas obrigas nos mesmos.

Ningún investigador ou investigadora poderá estar adscrito simultaneamente a máis dun centro de investigación da UDC. O Comité Interno de Dirección poderá autorizar en casos excepcionais a adscripción a centros interuniversitarios, cumprindo en todo caso as normativas vixentes.

O Reitor ou, por delegación, o Vicerreitor/a con competencias en Investigación certificará, cando sexa de aplicación, a adscripción ao CITEEC dos membros propostos polo Comité Interno de Dirección.

3.2. Procedementos de adscripción segundo tipo de membros

3.2.1. Persoal investigador propio:

a) Solicitud

O persoal investigador interesado en adscribirse ao centro como persoal investigador propio deberao solicitar de maneira expresa e presentar a documentación que, no seu momento, a dirección do centro lle requira.

No caso de que o investigador ou a investigadora solicitante pertenza a outro centro de investigación, antes de adscribirse ao CITEEC deberá presentar o documento de desadscrición do centro saínte.

Ademais, requirirase que estea dado de alta no Catálogo de Investigación da UDC no momento da súa solicitude de adscripción.

b) Adecuación das liñas de investigación

Para poder ser persoal investigador adscrito ao CITEEC, os solicitantes aos que se refire o punto a) deberán acreditar, ademais dos requisitos de avaliación indicados no Apartado 5 desta mesma normativa, que as liñas de investigación principais que desenvolven e a súa produción científica asociada se atopan no ámbito da Enxeñaría Civil e/ou a Edificación, debendo tales liñas estar en consonancia coas áreas tecnolóxicas de investigación definidas polo centro na súa Axenda Científica. Este requisito de adecuación das liñas de investigación entenderase satisfeito automaticamente cando o persoal investigador que solicite a súa adscripción ao CITEEC cumpra, polo menos, unha das seguintes condicións:

- Ser membro dun grupo de investigación, ou investigador individual, da Universidade da Coruña adscrito ao CITEEC segundo o Catálogo de Investigación da UDC a data de 31 de decembro de 2021.
- Ser membro dalgún grupo de investigación da Universidade da Coruña que formase parte da Agrupación Estratéxica CITEEC (A-CITEEC) no período 2018-2020.

3.2.2. Persoal investigador en formación e outro persoal técnico de xestión, de laboratorio e informático

A adscripción do persoal investigador en formación, e do persoal técnico de xestión, de laboratorio e informático que non sexa propio do centro, realizarase por medio do seu director/a de tese ou do investigador ou investigadora principal (IP) responsable da súa contratación, segundo sexa o caso, e levarase a cabo de xeito posterior á resolución da adscripción destes últimos. A tales efectos, os correspondentes directores/as ou IPs deberán presentar, unha vez teña sido aceptada a súa propia solicitude de incorporación ao centro, unha listaxe adicional que conteña, polo menos, a seguinte información sobre o persoal baixo a súa responsabilidade para o cal soliciten a adscripción: nome e apelidos, tipo de relación contractual, a súa duración prevista, e

datos de contacto (endereço electrónico, extensión ou teléfono móbil, etc.), segundo o modelo que se estableza.

Ademais, de acordo coa súa condición de membros adscritos, o devandito persoal deberá confirmar documentalmente por escrito a súa conformidade ou vontade de se adscribir ao CITEEC, a través das canles que se establezan dende o centro.

3.2.3. Persoal de apoio propio do centro

O persoal de administración e servizos (PAS) que desempeñe as súas funcións no CITEEC (persoal de administración/xestión, e persoal técnico de laboratorio, de informática e electrónica, de sistemas mecánicos, etc.) quedará adscrito ao centro por defecto, é dicir, sen necesidade de solicitude expresa nin de que se apliquen os procedementos e criterios mencionados nos parágrafos anteriores.

Así mesmo, quedará adscrito por defecto ao CITEEC o persoal propio non permanente de xestión do centro, e/ou o persoal contratado con cargo a programas e proxectos estruturais do CITEEC (tales como Axudas de Centro de Investigación do SUG, convenios coa Xunta de Galicia para fondos estruturais, etc.).

3.3. Duración mínima da adscripción

De acordo coa normativa de creación de centros de investigación da Universidade da Coruña, a adscripción terá unha duración mínima de catro anos a partir da data de admisión, e unicamente poderá ser revogada polo Comité Interno de Dirección por causa debidamente xustificada, sempre e cando non se incorra nalguna das situacións de desadscripción descritas no punto 3.4 deste documento.

3.4. Desadscripción

A perda da condición de membro adscrito ao CITEEC (desadscripción) producirase, de acordo co punto 5º do Artigo 3 do Regulamento de Réxime Interno do CITEEC, nas seguintes situacións:

- a) Por renuncia expresa da persoa adscrita, que deberá ser aceptada polo Comité Interno de Dirección.
- b) Por resolución expresa do/a Reitor/a (ou, no seu caso, do Vicerreitor/a con competencias en Investigación) a proposta do Comité Interno de Dirección, en caso de incumprimento grave dos compromisos científicos, éticos ou financeiros, ou polas avaliacións periódicas negativas realizadas polo Comité Interno de Dirección, a Comisión Asesora Externa ou outras comisións que a normativa de rango superior dispoña.
- c) Por perda de relación laboral coa UDC, ou, no caso do persoal investigador colaborador de outras entidades, por perda da relación laboral coa institución de orixe.
- d) A desadscripción do CITEEC dun investigador/a propio/a implicará a desadscripción do resto de persoal (é dicir, investigadores/as en formación,

doutores/as contratados/as con cargo a proxectos de investigación, e outro persoal técnico de xestión, de laboratorio e informático) adscrito a través do seu director/a de tese ou IP responsable.

3.5. Listaxe de membros

A dirección do CITEEC deberá manter unha listaxe pública e actualizada dos membros do centro.

4. Solicitude de adscrición

As solicitudes de adscrición poderán ser presentadas en calquera momento (procedemento aberto). Ditas solicitudes serán avaliadas polo Comité Interno de Dirección, que contará co asesoramento da Comisión Asesora Externa, coa seguinte periodicidade:

- Coincidindo coas reunións ordinarias do Comité Interno de Dirección, que terán lugar polo menos 2 veces ao ano.
- Sempre que se acumulen un mínimo de 5 candidaturas para avaliar.

Non obstante, poderanse publicar expresamente convocatorias de adscrición, cumprindo en todo caso con esta normativa.

5. Requisitos de adscrición do persoal investigador solicitante

5.1. Requisitos xerais

O persoal que solicite a súa adscrición como persoal investigador propio, será avaliado tras a súa solicitude de adscrición ao centro polo Comité Interno de Dirección, que contará coa axuda da Comisión Asesora Externa.

Para poder ser admitido como persoal investigador adscrito ao CITEEC, ademais das condicións relativas á adecuación das liñas de investigación sinaladas no apartado 3.2.1.b), o persoal docente e investigador (PDI) que se adscriba como persoal investigador propio e os doutores/as solicitantes contratados/as con cargo a programas competitivos de captación de talento deberán cumprir cos criterios de avaliación investigadora que se indican neste apartado.

En concreto, será necesario para a adscrición o cumprimento de polo menos un dos seguintes puntos, o cal deberá acreditarse documentalmente no momento da solicitude:

- Dispor dunha cualificación tipo A ou B en vigor, obtida na avaliación externa da actividade investigadora realizada pola Subdivisión de Coordinación e Avaliación (extinta ANEP) da Axencia Estatal de Investigación (AEI).
- Ter obtido dentro dos últimos 2 anos unha acreditación a Catedrático de Universidade (CU), a Titular de Universidade (TU), a Contratado/a Doutor/a (PC-DR) ou figura equivalente que a substitúa, ou a Axudante Doutor (AXU-DR).
- Posuír 4 sexenios de investigación/transferencia.
- Ter un sexenio de investigación activo ou, de forma alternativa, cumprir simultaneamente as dúas seguintes condicións no período dos últimos 4 anos:
 - Ter un mínimo de 3 publicacións en revistas indexadas no Journal Citation Reports (JCR), sendo polo menos dúas delas en revistas de alta relevancia. Neste sentido, de acordo coa letra d) do punto 3º do Subcampo 6.3 (Arquitectura, Enxeñaría Civil, Construción e Urbanismo) da '*Resolución de 30 de outubro de 2020, de la Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora, por la que se publican los criterios específicos aprobados para cada uno de los campos de evaluación*', considéranse revistas de alta relevancia as situadas no primeiro cuartil (Q1) ou no segundo cuartil (Q2) no ano de publicación do artigo (para artigos publicados no ano de solicitude, no caso de non estar dispoñibles aínda os datos dese mesmo ano tomarase como referencia o último ano con datos publicados) ¹.
 - Ter participado como investigador principal (IP) ou membro do equipo de investigación como mínimo en 1 proxecto público competitivo autonómico, nacional ou internacional, ou nun contrato de transferencia ².

5.2. Situacións excepcionais e de conciliación familiar e persoal

O Comité Interno de Dirección, de darse o caso, analizará de maneira individual todas aquelas situación excepcionais que puideran presentarse e que non estean contempladas nesta normativa, apoiando as súas decisións nos órganos asesores que estime máis pertinentes para cada situación.

¹ Atendendo ao punto 3º do Subcampo 6.3 (Arquitectura, Enxeñaría Civil, Construción e Urbanismo) da '*Resolución de 30 de outubro de 2020, de la Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora, por la que se publican los criterios específicos aprobados para cada uno de los campos de evaluación*', no caso particular das áreas de Arquitectura poderanse ter en conta como publicacións relevantes tamén os artigos publicados en revistas recollidas en bases de datos internacionais como «Arts and Humanities Citation Index de Web of Science». Tamén poderán ser considerados artigos publicados en revistas incluídas en bases de datos da especialidade, como 'Avery Index to Architectural Periodical', ou 'Riba Online Catalogue'. Valorarase, no seu caso, a inclusión da revista en máis dunha base de datos. Poderán ser valorados así mesmo os libros e capítulos de libro que figuren no catálogo de Avery e/ou Riba, mais quedan especificamente excluídos os libros ou capítulos de libro autopublicados ou financiados polo autor/a.

² Tamén nas áreas de Arquitectura, poderase valorar alternativamente a autoría de proxectos arquitectónicos ou urbanísticos que sobresaian polo seu carácter innovador, constatado polos premios e distincións recibidos, polo seu impacto na literatura especializada nacional e internacional ou por ter sido mostrados en exposicións relevantes con catálogo que non sexa autoedición.

En calquera caso, o Comité Interno de Dirección e os demais posibles órganos asesores, en virtude do compromiso do centro cos valores de conciliación da vida persoal e familiar coa profesional, poderán ampliar o período tomado inicialmente como referencia para a valoración de determinados méritos (2 últimos anos para acreditacións e 4 últimos anos para publicacións e participación en proxectos ou contratos) cando durante ditos períodos concorra algunha das situacións que se citan a continuación, sempre que queden debidamente xustificadas:

- Nacemento de fillo/a, ou coidado de fillo/a nos casos de adopción, ou nos supostos de garda con fins de adopción ou acollemento permanente, sempre e cando a data de nacemento ou, no seu caso, da resolución xudicial ou administrativa se teña producido durante o período de referencia para a valoración do tipo de mérito. Poderase aplicar unha ampliación, como mínimo, de 1 ano por cada fillo/a.
- Incapacidade temporal durante o embarazo por causas vinculadas co mesmo, suspensión do contrato por risco durante o embarazo ou por risco durante a lactación natural de un/unha menor de 9 meses. Poderase aplicar unha ampliación igual, como mínimo, ao período xustificado, redondeado á alza a meses completos.
- Incapacidade temporal por enfermidade ou outras causas distintas ás do punto anterior por un período de, polo menos, tres meses consecutivos. Poderase aplicar unha ampliación, como mínimo, igual ao período xustificado, redondeado á alza a meses completos.
- Excedencias por coidado de fillo/a, por coidado de familiar, por razón de violencia de xénero e por razón de violencia terrorista, por un período mínimo de tres meses. Poderase aplicar unha ampliación igual, como mínimo, ao período xustificado, redondeado á alza a meses completos.
- Redución de xornada por garda legal, por coidado directo dun familiar, ou para coidado de menor afectado de enfermidade grave, por un período mínimo de tres meses, calculado en xornadas completas. Poderase aplicar unha ampliación igual, como mínimo, ao período xustificado, redondeado á alza a meses completos.
- Atención a persoas en situación de dependencia, con arranxo ao recollido na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia ou normativa vixente que a substitúa, por un período mínimo de 3 meses. Poderase aplicar unha ampliación igual, como mínimo, ao período xustificado, redondeado á alza a meses completos.

6. Avaliación do persoal investigador adscrito

O persoal investigador solicitante ao que se fai referencia no Apartado 5 desta normativa será avaliado inicialmente para comprobar que cumpre cos requisitos de adscrición ao CITEEC polo Comité Interno de Dirección, que contará coa axuda da Comisión Asesora Externa. Posteriormente. Unha vez adscrito ao centro, o persoal investigador propio será avaliado polos mesmos órganos cando transcorran, como regra xeral, 4 anos dende a anterior avaliación dese mesmo/a investigador/a, ao longo

dun único período ou data anual. Non obstante, sobre este período xeral de 4 anos poderanse engadir as posibles ampliacións que, de acordo co indicado no anterior Apartado 5.2, deban corresponder ao investigador ou investigadora.

Os requisitos e criterios que rexan a avaliación periódica serán os mesmos que se apliquen para a adscrición, é dicir, os indicados anteriormente no Apartado 5.

Así mesmo, o Comité Interno de Dirección poderá facer, de consideralo pertinente, un seguimento intermedio da actividade investigadora do persoal investigador adscrito ao CITEEC, e solicitarlle á Comisión Asesora Externa a elaboración de informes con recomendacións.

No caso de que un investigador ou investigadora adscrito ao CITEEC non supere positivamente unha avaliación periódica, disporá da posibilidade de ser avaliado/a de novo tras un período de 18 meses. De non superar esta segunda avaliación extraordinaria, o Comité Interno de Dirección procederá á proposta de desadscrición, elevando ao Reitor/a (ou, no seu caso, ao Vicerreitor/a con competencias en Investigación) a devandita proposta.

7. Beneficios dos membros do CITEEC

Os membros do CITEEC poderán ser partícipes dos seguintes beneficios:

7.1. Participación nas accións do centro

O persoal adscrito ao CITEEC poderá participar e ser beneficiario das posibles accións que sexan desenvolvidas polo centro, como por exemplo:

- Ámbito da investigación, do desenvolvemento e da innovación: axudas á asistencia a congresos e axudas a estadías, programas de bolsas, axudas á publicación en acceso aberto, participación en proxectos asociados ao centro, etc.
- Ámbito da formación: participación en cursos especializados, programas de formación transversais, etc.
- Ámbito da proxección e difusión: accións de difusión social e científica do centro, participación en grupos de traballo onde o centro estea a posicionarse, nacional e internacionalmente, por área tecnolóxica ou científica, liña de investigación, etc.

7.2. Participación dos fondos estruturais do centro

O persoal membro do CITEEC poderá ser partícipe dos recursos económicos e materiais obtidos polo centro como por exemplo:

- Axudas para a realización de viaxes a congresos, estadías de investigación, etc.

- Axudas para a mellora do impacto das publicacións científicas.
- Participación en proxectos de investigación de convocatoria interna.
- Acceso a convocatorias de recursos humanos de carácter interno.

7.3. Uso das instalacións

O persoal membro do CITEEC poderá facer uso, nas condicións que se establezan, das instalacións do centro:

- Equipamentos de uso común.
- Salas do edificio (de reunións, de visualización, etc.) de acordo ás súas funcións (previa solicitude/convocatoria).
- Laboratorios e material do centro segundo as condición e criterios de regulación que se determinen.

7.4. Apoio do persoal de xestión e de laboratorio do centro

O persoal membro do CITEEC poderá ser beneficiario, en determinadas tarefas e baixo as condicións que se establezan, do apoio prestado polo persoal de xestión e de laboratorio propio do centro:

- En actividades de xestión: apoio ou colaboración en accións relacionadas coa xestión estratéxica da investigación, a promoción e difusión de actividades científicas ou divulgativas, a captación de recursos, a transferencia de I+D+i, etc.
- En tarefas de Laboratorio: apoio na preparación e instrumentación de estudos e experimentos, labores de equipamento e mantemento de laboratorios, etc.

8. Obrigas dos membros do CITEEC

O persoal investigador adscrito ao CITEEC comprometerase a cumprir coas seguintes obrigas:

8.1. Filiación de publicacións

Na identificación dos investigadores/as adscritos ao centro como autores/as de calquera tipo de publicación de carácter científico ou técnico que estea relacionada coa súa actividade investigadora como membros do CITEEC, e de acordo coas instrucións de filiación da UDC, deberase seguir o seguinte esquema:

Nome do autor/a

ORCID (recomendado)

Universidade da Coruña, Nome do grupo de investigación, Centro de Innovación Tecnológica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC). Campus de Elviña, 15071 A Coruña, Spain / España.

8.2. Catálogo de Investigación da UDC e outros perfís científicos

O persoal investigador do centro deberá comunicar ao Catálogo de Investigación da UDC a súa condición de adscrito/a ao CITEEC unha vez sexa resolta favorablemente a súa solicitude de adscripción.

Este mesmo persoal deberá dispoñer de perfís científicos actualizados (ORCID, Publons, SUXI etc.) onde se consigne correctamente a súa filiación ao CITEEC.

8.3. Proxectos e contratos de I+D+i

As solicitudes de proxectos de I+D+i realizadas por persoal investigador adscrito ao CITEEC en convocatorias da Xunta de Galicia, dos plans estatais de I+D+i, da Unión Europea ou doutras entidades públicas e privadas, tanto nacionais como internacionais, deben tramitarse establecendo como centro de referencia o CITEEC da UDC, salvo excepcións debidamente xustificadas e sempre tras notificación previa e coa aceptación manifesta da dirección do centro.

8.4. Documentación do persoal investigador e/ou dos grupos aos que pertencen

O persoal investigador adscrito ao CITEEC ou, no seu caso, en quen se deleguen as funcións de xestión no grupo de investigación ao que pertencen, deberán facilitar en prazo e forma toda aquela documentación necesaria que se solicite dende a dirección do centro ou desde a súa oficina de xestión, a efectos de xustificacións, avaliacións, informes, elaboración de memorias, ou outras necesidades que procedan.

8.5. Publicidade

O persoal adscrito ao CITEEC deberá cumprir coas instrucións de publicidade ás que estea suxeito o centro segundo as fontes de financiamento estratéxico activo, e que serán facilitadas a medida que sexan de aplicación.

Nas aparicións en medios de comunicación (prensa escrita ou dixital, televisión, radio, redes sociais, etc.), sempre que ditas intervencións sexan de carácter científico ou técnico e estean relacionadas coa súa actividade investigadora como membro do centro, o persoal investigador adscrito deberá facer indicación da súa pertenza ao Centro de Innovación Tecnológica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC), sen prexuízo da posible indicación adicional da pertenza ao correspondente grupo de investigación e, de ser o caso, da escola ou facultade da que sexa docente.

En presentación públicas de carácter científico ou técnico relacionadas coa súa actividade investigadora como membro do centro, así como na sinatura do correo electrónico corporativo, o persoal investigador adscrito ao CITEEC deberá incluír o nome e o logotipo do centro, que estará dispoñible na páxina web do CITEEC ou, no seu defecto, será facilitado dende o centro a petición dos interesados/as.

Naqueles casos nos que o CITEEC dispoña e facilite modelos específicos para informes, memorias, presentacións, actas, etc., que cumpran coa correspondente normativa en materia de publicidade, o persoal adscrito ao CITEEC deberá proceder a súa utilización. Se estes modelos non puidesen ser utilizados como referencia, deberase polo menos replicar a publicidade e o logotipo do CITEEC no formato de presentación alternativa.

8.6. Outras normas

O persoal adscrito ao CITEEC deberá acatar, cumprir e, no seu caso, facer cumprir, todas as normas e acordos que, en relación co funcionamento do centro, sexan ditados polos órganos de dirección.

9. Disposición transitoria

PRIMEIRA. A primeira normativa de adscrición será aprobada polo Consello Reitor do Centro. Nas posibles futuras modificacións seguirase o establecido no Regulamento de Réxime Interno vixente.

SEGUNDA. Na primeira fase do proceso de adscricións, poderase establecer unha convocatoria específica con data explícita de apertura e peche para a recepción e avaliación de solicitudes.

TERCEIRA. Na primeira fase do proceso de adscricións, a avaliación das solicitudes de adscrición ao CITEEC será efectuada polo Consello Reitor.

10. Disposicións derradeiras

PRIMEIRA. O Comité Interno de Dirección poderá modificar e/ou actualizar esta normativa sempre que o considere necesario ou convinte, baseándose tamén nas recomendacións que ao respecto lle faga a Comisión Asesora Externa.

SEGUNDA. A presente normativa interna de adscrición entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello Reitor do CITEEC.

ENXEÑERÍA CIVIL
E EDIFICACIÓN
SUSTENTABLES
E INNOVADORAS

www.udc.es/citeec/



Centro de Innovación Tecnolóxica
en Edificación e Enxeñería Civil



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Dirección

Campus de Elviña, s/n
15071 A Coruña

Contacto

T: 881 015 185 - 881 015 179

F: 981 167 179

